

**Asunto:** Certificación de prazas OPE extraordinaria 2022 procesos de estabilización

José María Barreiro Díaz, Director Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia,

### CERTIFICA

O artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, indica o seguinte:

*“Sin perjuicio de lo que establece la disposición transitoria primera, las plazas afectadas por los procesos de estabilización previstos en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, serán incluidas dentro del proceso de estabilización descrito en el párrafo anterior, siempre que hubieran estado incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público de estabilización y llegada la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, no hubieran sido convocadas, o habiendo sido convocadas y resueltas, hayan quedado sin cubrir.”*

En data de 30 de maio de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia o *Decreto 79/2022*, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG Núm. 102, do 30 de maio de 2022).

En cumprimento do estipulado no sinalado artigo 2 da Lei 20/2021 de 28 de decembro, as prazas que cumplían os requisitos sinalados (convocadas e resoltas, pero que teñan quedado sen cubrir) foron incorporadas e sumadas ás xa ofertadas no *Decreto 79/2022*, do 25 de maio.

Este proceso de adición de prazas é un proceso sometido a constante evolución derivado da dinámica de remate dos diversos procesos selectivos en curso, habendo prazas das denominadas “desertas” que xa foron sumadas ás ofertadas polo Decreto 79/2022, (exemplo da mesma serían as xa incluídas a través da *Resolución de 6 de febreiro de 2023 pola que se modifigan as resolucións de 22 de decembro de 2022* (Diario Oficial de Galicia número 245, do 27 de decembro), polas que se convocan os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de



concurso, modificadas pola resolución do 20 de xaneiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número nº 15, do 23 de xaneiro) e se convocan procesos selectivos, pola quenda de acceso libre, para a escala de axentes de Inspección, especialidade de Consumo, subgrupo C1, para a escala de persoal de mantemento, subgrupo AP e para analista xestor de contidos web (persoal propio do Cixtec), e habendo outras categorías e grupos que todavía restan por adicionarse.

A este respecto, compre ter en conta o seguinte:

No DOG nº 244 do 26 de decembro de 2022 publicouse a Resolución do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, e para o ingreso nas categorías 19, 32, 38 e 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Dita Resolución contén un Anexo I no que se indica o seguinte:

#### ANEXO I

##### *Prazas convocadas persoal funcionario*

Corpo/escalas	Quenda de discapacidade	Acceso libre	Total
VI Escala enxeñeiros  Especialidade enxeñaría agronómica:  (Inclúe prazas da categoría 4 do grupo I de persoal laboral).		7 (*b)	7 (*b)

(\*) Inclúense as prazas de estabilización convocadas en procesos anteriores a entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que no momento da presente convocatoria estiveran áinda sen rematar e que ao final do mesmo, quedaran sen adxudicar, sempre que cumpran os requisitos da disposición adicional sexta de dita lei. Do total de prazas ofertadas inicialmente poderían estar afectadas o seguinte número de prazas:

(\*a)= 3 prazas; (\*b)= 4 prazas; (\*c)= 2 prazas; (\*d)= 19 prazas; (\*e)= 6 prazas; (\*f)= 3 prazas

A RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2021 pola que se convoca o proceso selectivo de estabilización para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñaría, especialidades de enxeñaría agronómica, enxeñaría de montes e enxeñaría industrial; escala de ciencias, especialidade de química, e escala de arquitectos (DOG nº 241 de 17 de decembro de 2021), convoca as 4 prazas da especialidade de enxeñaría agronómica.



Atopándose finalizado os procesos selectivos mencionados, confírmase que 3 prazas da especialidade enxeñería agronómica de estabilización convocadas quedaron sen adxudicar.

Este feito ten como consecuencia que o proceso convocado por Resolución de 22 de decembro de 2022, no tocante ás prazas da **escala enxeñeiros, corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia** contará co seguinte total de prazas:

- A especialidade de enxeñaría agronómica contará cun total de **6 prazas convocadas**

No DOG nº 244 do 26 de decembro de 2022 publicouse a Resolución do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, e para o ingreso nas categorías 3, 5, 6, 9, 35 e 39 do grupo II de persoal laboral da Xunta de Galicia e persoal laboral propio do Cixtec (grupo II).

Dita Resolución contén un Anexo I no que se indica:

#### *ANEXO I*

##### *Prazas convocadas persoal funcionario*

Corpo/escalas	Quenda de discapacidade	Acceso libre	Total
<i>V. Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade enxeñaría técnica agrícola. (Inclúe prazas da categorías 7 do grupo II de persoal laboral)</i>	5	57 (*e)	62 (*e)

(\*) Inclúense as prazas de estabilización convocadas en procesos anteriores a entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que no momento da presente convocatoria estiveran áinda sen rematar e que ao final do mesmo, quedaran sen adxudicar, sempre que cumpran os requisitos da disposición adicional sexta de dita lei. Do total de prazas ofertadas inicialmente poderían estar afectadas o seguinte número de prazas:

(\*a)= 9 prazas; (\*b)= 21 prazas; (\*c)= 6 prazas; (\*d)= 30 prazas; (\*e)= **40 prazas**; (\*f)= 5 prazas.



A RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2021 pola que se convoca proceso selectivo de estabilización para o ingreso no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidades de enxeñaría técnica agrícola, enxeñaría técnica forestal e enxeñaría técnica industrial, e escala de arquitectos técnicos, convocou 40 da especialidade de enxeñaría técnica agrícola.

Atopándose finalizado os procesos selectivos mencionados, confírmase que 29 prazas da especialidade especialidade de enxeñería técnica agrícola de estabilización convocadas quedaron sen adxudicar.

Este feito ten como consecuencia que o proceso convocado por Resolución de 22 de decembro de 2022, no tocante ás prazas da **escala enxeñeiros técnicos, corpo facultativo de grado medio da Administración da Xunta de Galicia** contará co seguinte total de prazas:

- A especialidade de enxeñaría técnica agrícola contará cun total de **51 prazas convocadas**

O que se certifica para a súa constancia e efectos.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

